



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VAL DO DUBRA

Anuncio de renuncia á dedicación exclusiva da concelleira de educación e cultura do Concello de Val do Dubra, Celsa Oreiro Bermúdez, e aprobación de novo réxime retributivo para o dito cargo

O Pleno da Corporación municipal, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de marzo de 2026, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Toma de coñecemento e aceptación da renuncia á dedicación exclusiva formalizada pola concelleira de Educación e Cultura, D^a Celsa Oreiro Bermúdez.

SEGUNDO.- Determinar que o cargo de concelleiro/a de Educación e Cultura se desempeñará sen dedicación especial (nin exclusiva, nin parcial), o que implicará o dereito do/a integrante da Corporación que o ocupe/exerza a percibir as asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados corporativos dos que forme parte e as indemnizacións polos gastos efectivos, e debidamente xustificados, ocasionados no exercicio do cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que, no seu caso e en desenvolvemento das mesmas, teña aprobado ou aprobe o Pleno municipal.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Coruña e no taboleiro electrónico do concello, e se dea traslado do mesmo aos interesados, así como aos servizos municipais encargados da tramitación, facultando á Alcaldía para cantas actuacións de trámite e propias das súas atribucións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Val do Dubra, 23 de marzo de 2026

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez

2026/1743



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VAL DO DUBRA

Aprobación indemnizacións por asistencia a sesións dos órganos Colexiados

ANUNCIO INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A SESIÓN S DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

O Pleno da Corporación municipal, na sesión ordinaria celebrada o día 21 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial poden percibir asistencias pola concorrencia ás sesións dos órganos Colexiados de que formen parte, segundo as seguintes contías:

f) Sesións de Mesas de Contratación: 42,83 euros para quen ostente a presidencia e a secretaría, e 39,78 euros para os vogais

Cando as mesas de contratación teñan lugar fóra da xornada ordinaria de traballo do persoal funcionario, terán dereito a percibir estas asistencias.

SEGUNDO.- En cumprimento do establecido nos arts. 75.5 da Lei 7/1985 e 8 da Lei 19/2013, de transparencia e bo goberno, o presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello por quince días hábiles.

Val do Dubra, 25 de marzo de 2023.

O alcalde,

Diego Luís Díaz Méndez

2024/2073



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VAL DO DUBRA

Anuncio dedicación exclusiva concelleira de educación e cultura

ANUNCIO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA CONCELEIRA DE EDUCACIÓN E CULTURA CELSA OREIRO BERMÚDEZ

O Pleno da Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Determinar que o cargo de **Concelleiro/a de Educación e Cultura** se desempeñará en réxime de dedicación exclusiva, o que implicará o dereito do/a integrante da Corporación que o ocupe/exerza a percibir unha retribución bruta anual de **trinta e nove mil seiscentos seis euros (39.606,00 euros)**, que será aboada polo Concello en catorce pagas de importe equivalente (e cos mesmos criterios de devengo e periodicidade que os pagamentos nominais do persoal municipal); e iso sen prexuízo do previsto nos supostos en que dito cargo sexa exercido por un/unha empregado/a público que, como consecuencia deste réxime de dedicación exclusiva, sexa declarado/a en situación de servizos especiais (ou análoga), en cuxo caso se lle deberán aboar tamén os trienios que teña recoñecidos en cada momento, nos termos e contías legalmente previstos.

No caso de que o dito cargo sexa exercido por un/unha empregado/a público as anteditas percepcións retributivas serán actualizadas conforme aos mesmos criterios e contías vixentes en cada momento para o persoal ao servizo do Concello, sempre dentro dos límites establecidos na Lei de presupostos de cada ano para as dedicacións en concellos de 3.000 a 5.000 habitantes.

O desempeño do dito cargo en réxime de dedicación exclusiva esixirá a dedicación preferente ás tarefas propias do mesmo por parte do seu ocupante, sen prexuízo doutras ocupacións e/ou actividades marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento da súa dedicación exclusiva ao cargo desempeñado. E no caso de que ditas ocupacións/actividades marxinais sexan remuneradas, ou poidan implicar que se incorra nalgúnhas das causas de incompatibilidade legalmente previstas, requirirase dunha previa solicitude e declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno da Corporación.

SEGUNDO.- Que o/a integrante da Corporación que ocupe/exerza o cargo de Concelleiro/a de Educación e Cultura en réxime de dedicación exclusiva, nos termos antes referidos, non poderá percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados corporativos dos que forme parte; pero si as indemnizacións polos gastos efectivos, e debidamente xustificadas, ocasionados no exercicio do cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que, no seu caso e en desenvolvemento das mesmas, aprobe o Pleno municipal. E as retribucións percibidas polo exercicio do cargo en réxime de dedicación exclusiva resultarán incompatibles coa percepción doutras retribucións con cargo aos presupostos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como co desenvolvemento doutras actividades, nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e restante normativa de aplicación ao respecto.

TERCEIRO.- Que o/a integrante da Corporación que ocupe/exerza o cargo Concelleiro/a de Educación e Cultura en réxime de dedicación exclusiva, nos termos anteditos, sexa dado de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais correspondentes e aqueloutras obrigas inherentes; sen prexuízo das particularidades e obrigas no seu caso aplicables por tratarse de persoal funcionario ou laboral ao servizo dalgunha administración pública (segundo o disposto nos apartados 1 e 2 do artigo 74 da LRBRL, e demais normativa concordante) e/ou afectado por un réxime especial/diferente de seguridade social.

CUARTO.- Que o réxime de dedicación exclusiva e retribucións inherentes anteditos xurdirán efectos dende o día seguinte da súa aceptación por parte do/da integrante da Corporación que ocupe/exerza o cargo de Concelleiro/a de Educación e Cultura (aceptación que se entenderá manifestada se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación do presente acordo non ten comunicado oposición/negación expresa ao respecto); ou, de ser o caso, e unha vez xa manifestada a aceptación referida, dende o día seguinte ao da entrada en vigor da modificación orzamentaria que puidera proceder. E iso sen prexuízo do previsto para os supostos en que dito cargo sexa ocupado/exercido por un/unha empregado/a público, en cuxo caso os efectos retributivos e AQUELOUTROS INHERENTES produciranse unha vez sexa formalmente declarado/a, pola administración e órgano correspondentes, en situación de servizos especiais (ou análoga).

Da aceptación e aplicación efectiva do réxime de dedicación exclusiva e retribucións inherentes, nos termos anteditos, deberase dar conta na seguinte sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

QUINTO.- Que en todo o non expresamente previsto no presente Acordo estarase ao disposto, en relación coa determinación e condicións/efectos dos cargos corporativos exercidos con dedicación exclusiva, na normativa de réxime local referida e restante lexislación aplicable.

SEXTO.- Autorizar de dispoñer o gasto correspondente con cargo ao orzamento vixente, previa tramitación da/s modificación/s no seu caso procedente/s.

SÉTIMO.- Que se proceda á publicación do presente acordo no BOP, así como no taboleiro de anuncios físico e electrónico do Concello; e se dea traslado do mesmo aos interesados, así como aos servizos municipais encargados da súa tramitación, facultando á Alcaldía para cantas actuacións de trámite, e propias da súas atribucións, sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Val do Dubra, a 21 de xullo de 2023.

O alcalde,

Diego Luís Díaz Méndez

2023/6110



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VAL DO DUBRA

Anuncio indemnizacións por asistencia a sesión de Val do Dubra

ANUNCIO INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA A SESIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

O Pleno da Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 5 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

1.- Os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial poden percibir asistencias pola concorrencia ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, segundo as seguintes contías:

- a) Sesións do Pleno da Corporación municipal: 100 € por sesión.
- b) Sesións da Xunta de Goberno Local: 100 € por sesión.
- c) Sesións da Xunta de Portavoces: 50 € por sesión.
- d) Sesións das Comisións Informativas: 100 € por sesión.
- e) Sesións da Xunta Pericial Municipal: 50 € por sesión.

2.- En cumprimento do establecido nos arts. 75.5 da Lei 7/1985 e 8 da Lei 19/2013, de transparencia e bo goberno, o presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello por quince días hábiles.

Val do Dubra, a 7 de xullo de 2023.

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez

2023/5575



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VAL DO DUBRA

Anuncio dedicación exclusiva da Alcaldía de Val do Dubra

ANUNCIO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA ALCALDÍA

O Pleno da Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 5 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

1.- Que o Sr. DIEGO LUÍS DÍAZ MÉNDEZ, con DNI 78805510N, desempeñe o seu cargo con dedicación exclusiva, tendo en conta o preceptuado no artigo 7.2 da Carta Europea de Autonomía Local do 15 de outubro de 1985, o artigo 75 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 13RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e demais lexislación aplicable.

2.- Fixar o seguinte réxime de retribucións para a Alcaldía: **trinta e nove mil seiscientos seis euros #39.606,00# euros** brutos anuais, pagados en catorce mensuralidades, máis a seguridade social a cargo da empresa, con efectos a partir do día seguinte ao da adopción deste acordo.

3.- Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta de Diego Luís Díaz Méndez, asumindo o concello as obrigas que as normas de réxime xeral da seguridade social impoñen ás empresas en relación cos traballadores aos seu servizo.

4.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo ao orzamento xeral vixente prorrogado.

Val do Dubra, a 7 de xullo de 2023.

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez

2023/5574